

Raposeiras Correa, J. (2008): “**Factores de calidade no contexto europeo da orientación**”, *Situación actual da orientación en Galicia e perspectivas de futuro* (Coordinación de Diéguez Ruibal, J. L. e J. L. Rodríguez Rodríguez), 284-296, Ourense, Deputación Provincial de Ourense

FACTORES DE CALIDADE NO CONTEXTO EUROPEO DA ORIENTACIÓN

José Raposeiras Correa

Equipo de Orientación Específico. Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra.

RESUMO

O presente artigo interésase polas actividades de orientación ao longo da vida, relacionadas co trinomio da aprendizaxe permanente. Logo de diversas consideracións teóricas, fundamentadas nas perspectivas a nivel europeo e no contorno dos Estados Membros da OCDE, faise fincapé nos indicadores de calidade para a **orientación profesional integral**, como unha axuda para comprender o mercado de traballo, os sistemas educativos, a formación no autoconecemento así como o axudar ás persoas de tódalas idades a planificar e a tomar decisións, entre outras actividades. Así mesmo analízanse varias respostas a nivel educativo e sociolaboral, encamiñadas á elaboración do proxecto persoal de vida e á adquisición de competencias globais. Ao final aparecen varias observacións en relación á situación actual, para mellorar os aspectos formativos e a transición ao emprego, buscando a mellor cooperación posible entre o sistema educativo e o sector produtivo e laboral.

REFLEXIÓNS A MODO DE INTRODUCCIÓN

¿Que nos din os países do noso contorno?... De seguido intentaremos esbozar algúns aspectos a considerar para facilitar unha axeitada información e asesoramento de cara ás futuras decisións do noso alumnado, así como para as posibles respostas aos retos da nova sociedade do coñecemento ou da aprendizaxe permanente.

Premisas a ter en conta , como punto de partida:

- As novas perspectivas da orientación en Europa seguen -en liñas xerais- as directrices dos países membros da *Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE)*. No **informe sobre orientación profesional (2001-2002)**, elaborado por esta organización, fálase do incremento das demandas relativas aos servizos de información e orientación profesional debido á crecente énfase na aprendizaxe continua, ao emprego activo e ás políticas de benestar.

Os catro documentos temáticos deste Informe da OCDE son:

1. Calidade na orientación profesional (por **Peter Plant**, Dinamarca).
 2. Técnicas, formación e cualificación dos profesionais da orientación (por **Jhon McCarthy**, Irlanda).
 3. Integración dos servizos de orientación e emprego a nivel local (por **Lynne Bezanson**, Canadá).
 4. Integración das tecnoloxías da información e da comunicación no sistema de información e orientación profesional (por **Tony Watts**, Reino Unido).
- O **Consello Europeo de Estocolmo en 2001**, define o acceso aos servizos de orientación, a garantía de calidade dos servizos, o papel da orientación no desenvolvemento dos recursos humanos e a orientación para facilitar a mobilidade, a aprendizaxe e o emprego en Europa, como áreas prioritarias de desenvolvemento á hora de aplicar o programa de traballo de **Educación e Formación 2010**,
 - Na Comunidade Autónoma de Galicia, o **Plan Galego de Formación Profesional**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 27 de xuño de 2001, inclúe entre os seus contidos un programa específico de información e orientación profesional que precisa para o seu desenvolvemento da participación coordinada e de responsabilidades compartidas entre as Administracións Educativa e Laboral, así como a correspondente coordinación cos axentes sociais (sindicatos e empresarios), entidades, organismos ou institucións que desenvolven accións deste tipo (por exemplo, as Cámaras de Comercio e Industria, as Confederacións de Empresarios, as Administracións Locais, entre outras).
 - No mes de novembro de 2002, os Ministros de Educación da Unión Europea aprobaron unha resolución sobre cooperación ampliada no campo da Formación Profesional, dándolle así cumprimento a un dos mandatos do **Consello Europeo de Barcelona**, que pedía un reforzo para chegar ao recoñecemento de estudos e cualificacións nos países da UE. Nesta resolución acordáronse as **prioridades** que se deberían seguir no proceso:
 1. Mellorar a imaxe da FP en Europa.
 2. Mellorar a transparencia dos sistemas de FP europeos así como a información e a orientación profesional.
 3. Mellorar o recoñecemento das competencias e as cualificacións para garantir a mobilidade dos cidadáns de Europa.
 4. Desenvolver accións comúns de cooperación entre os estados membros.
 5. Garantir a calidade da FP nos sistemas educativos europeos.
 - “A **orientación profesional** refírese ás actividades dirixidas a axudar ás persoas de tódalas idades, en tódolos momentos da súa vida, a tomar unha decisión sobre educación, formación e profesión e a xestionar a súa traxectoria profesional. A orientación profesional axuda aos individuos a reflexionar sobre as súas ambicións, os seus intereses, a súa cualificación e as súas capacidades. Axúdalles a comprender o mercado laboral e os sistemas educativos, e a relacionar estes coñecementos co que saben sobre eles mesmos. Unha orientación profesional integral intenta ensinar ás persoas a planificar e a tomar decisións sobre a súa vida laboral e a formación

que implica. A orientación profesional fai asequible a información sobre o mercado laboral e as oportunidades de formación, organizando e sistematizando esta información e facendo que estea dispoñible no momento adecuado, cando as persoas teñen necesidade dela.

Non obstante, na maioría dos países, a orientación profesional atópase na actualidade a cargo de persoas que contan cunha gran diversidade de formacións e de titulacións. Algúns son especialistas e outros non...” (OCDE, 2004, p. 19).

- O **Consello da Unión Europea** e os responsables dos **Gobernos dos Estados Membros**, en relación ao fortalecemento das políticas, sistemas e prácticas en materia de orientación permanente en Europa, destaca como prioritario “o seu empeño en desenvolver uns servizos de orientación de gran calidade para tódolos cidadáns europeos, accesibles en tódalas etapas das súas vidas, que os capaciten para xestionar as súas traxectorias de aprendizaxe e de traballo e a transición entre unha fase e outra” (Proxecto de Resolución do 18 de maio de 2004, p. 8). Así mesmo, neste Proxecto (p. 2), dise que “no contexto da aprendizaxe permanente, a orientación fai referencia a unha gama de actividades que capacita aos cidadáns de calquera idade e en calquera momento das súas vidas a determinar as súas capacidades e intereses, a adoptar decisións educativas, de formación e de emprego, e a xestionar a súa aprendizaxe e a traxectoria individual das súas vidas en canto á aprendizaxe, o traballo e outras cuestións nas que se adquiren ou se utilizan competencias”.
- O informe intermedio conxunto (2004) do Consello e da Comisión sobre a aplicación da Estratexia de Lisboa, *Educación e Formación 2010: Urxen as reformas para coroar con éxito a Estratexia de Lisboa*, definiu a orientación como unha das catro accións claves para crear contornos de aprendizaxe abertos, atractivos e accesibles, con vistas a “... apoiar a aprendizaxe a tódalas idades e en diversas estruturas, facilitar aos cidadáns os medios de xestionar a súa aprendizaxe e o seu traballo, en particular facilitando o seu acceso a unha extensa gama de posibilidades de aprendizaxe e de carreiras profesionais e a súa progresión en ditas formacións e carreiras”. Unha orientación permanente de alta calidade como elemento clave na educación, na formación e na empregabilidade, para que Europa se converta na sociedade do coñecemento máis dinámica do mundo.
- O Capítulo II do Título Preliminar da **LOE 2/2006**, de 3 de maio (BOE do 4 de maio) e dentro do Artigo 5, titulado “**A aprendizaxe ao longo da vida**”, no punto 6. maniféstasenos que “corresponde ás Administracións públicas facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso ás mesmas”. Xa no Capítulo III desta Lei, Artigo 6, punto 1., en relación á definición de “**currículo**”, ademais de facer mención ao conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, tamén nos parece moi significativo que se cite aquí o tema das competencias básicas.

REDE EURES

“Si no sabes a donde vas, es igual el camino que tomes”... Estar informados non quere dicir que é estar orientados, sobre todo nesta época que nos tocou vivir, a era da información postindustrial e posmoderna ou das novas tecnoloxías da información e da

comunicación (NTICs). Unha vez analizadas as opinións de varios expertos, entre eles as do Profesor da Universidade de Cambridge, **Anthony Watts**, consideramos que estas tecnoloxías están provocando unha revolución nas estruturas laborais e profesionais polo que cómpre axudarlle ao alumnado para que desenvolva a súa biografía persoal con novas formas de adaptación e creatividade, para que acomoden a súa capacitación ás esixencias de cada momento.

Dentro do contexto europeo actual, **REDE EURES**, fan falta profesionais que se adapten á libre circulación de traballadores e de mercadorías, á mobilidade en educación e nas profesións, á globalización e á mundialización da economía, aos grandes desafíos científicos e tecnolóxicos, á maior necesidade de coñecer idiomas, aos posibles cambios de ocupacións ao longo da vida laboral, á prevención de riscos laborais, á alternancia entre períodos de emprego e de paro, á flexibilidade do mercado laboral, etc.

Así, os profesionais da orientación deberían estar moi sensibilizados sobre a importancia da mobilidade entre os cidadáns europeos. É preciso coñecer ben as ferramentas de apoio para un mellor funcionamento dos mercados de traballo en Europa: incrementar a información sobre os dereitos á libre circulación, sobre o recoñecemento de titulacións e validacións segundo as directivas comunitarias, as vías e posibilidades e as barreiras que se poidan atopar así como outras medidas e actividades específicas relacionadas coa investigación, seminarios, intercambio de experiencias, visitas de estudos, prácticas en empresas e tódolos documentos que faciliten ás persoas a mobilidade e os coñecementos mutuos relativos á formación e ó emprego, a través do sistema **EUROPASS**. Este sistema, que sistematiza as aptitudes, as titulacións e as certificacións adquiridas ao longo da vida, entre países e entre sectores, componse de cinco documentos básicos: currículum vitae europeo, pasaporte de linguas, suplemento ao título/certificado, suplemento ao título superior e mobilidade Europass.

INDICADORES DE CALIDADE

Para impartir unha información-formación que sexa útil e que resista os cambios permanentes aos que está sometido o mercado laboral, faise imprescindible reflexionar sobre os seguintes factores de calidade:

- ❑ A **economía do coñecemento** que se está implantando en Europa é, segundo apuntan os informes realizados por diversas institucións comunitarias, unha das principais fontes de emprego dos vindeiros anos.
- ❑ A **competencia** no mercado laboral da Unión Europea esixe uns niveis de calidade europeos para acceder ao citado mercado: uns cidadáns máis cultos, cunha grande capacidade de análise e de innovación.
- ❑ A **capacitación** e **motivación** dos traballadores para dar a resposta adaptada á situación cambiante que evoluciona con moita rapidez.
- ❑ As novas **tecnoloxías da información e da comunicación** preséntanse como unha novidade case permanente. Hai que saber sobrevivir a elas e ser intelixentes para **adaptarse** ás esixencias actuais. Estas tecnoloxías non crean desemprego pero desprázano e castigan aos traballadores menos preparados. Os traballadores deben

esforzarse adaptándose aos cambios, para manter a ocupación laboral ou para atopar outro posto de traballo novo (novas necesidades produtivas e ocupacionais).

- ❑ **A información non ten fronteiras** nin distancias e apenas ocupa espazos... Videoconferencias, internet, etc.
- ❑ **O aumento da produción** e por conseguinte do **consumo** (marketing, publicidade, comunicación audiovisual).
- ❑ **A aprendizaxe permanente** para saber situarse nos aspectos do posto de traballo que van perdurar no futuro. Estar ao día e con aprendizaxe prospectiva (prevención, anticipación, investigación continua, innovación e creatividade), evolucionando ao ritmo das esixencias que nos presentan os cambios.
- ❑ O impulso dos procesos de **relación coas empresas** (a formación nos centros de traballo). O administrador principal da división de Formación e Educación da OCDE, **Richard Sweet**, coméntanos ao respecto que se o alumno non vai pola súa conta á empresa é a escola quen debe levalo.
- ❑ **Control de calidade do traballo**, como un sistema de xestión baseado na globalidade (relacións mutuas entre persoas, recursos, procesos e resultados, na consideración do currículo integrado). Cómpre asumir a coherencia en tódalas actividades, as responsabilidades, os esforzos compartidos e o traballo en equipo así como a implicación segundo obxectivos propostos e, a avaliación, coavaliación e autoavaliación sobre o proceso y sobre o produto final. Aprender trala comparación, introducindo propostas de mellora ou, de ser o caso, de mantendo en relación aos criterios axentes e aos criterios resultados.

RESPOSTAS A NIVEL EDUCATIVO E SOCIOLABORAL

- **Programas de iniciativas para o emprego de base tecnolóxica (*lelbs*)**, potenciados a través da Administración Laboral, coa finalidade de impulsar o espírito innovador e emprendedor entre os investigadores e titulados universitarios.
- **A Declaración Mundial da UNESCO** sobre a *Educación Superior no século XXI* establece como acción prioritaria que os centros universitarios se abran aos adultos, creando “oportunidades” de aprendizaxe “flexibles, abertas e creativas”.
- A evolución sociolaboral e profesional produce cambios vertixinosos, por iso, para elaborar un bo **proxecto persoal de vida** débese partir da consideración da orientación profesional como un proceso sistemático e continuo e non como un feito puntual ou como unha mera información. A integración no currículo, a nivel individual e grupal, dende o proxecto educativo e curricular de centro e a través da propia programación de aula, debe incluír os contidos relativos á educación para a carreira. A integración da orientación profesional nun centro educativo debería consistir, ante todo, en considerar a educación sociolaboral e profesional como unha finalidade esencial do centro, tela en conta á hora de elaborar o seu proxecto educativo e desenvólvela e recollela ao concretar o proxecto curricular da propia institución educativa. Obviamente isto non é só tarefa dos

Orientadores/Orientadoras xa que se precisa da implicación-participación, da cooperación e da co-responsabilidade de tódalas persoas que interveñen no proceso (profesorado en xeral, Departamentos de Orientación e de Formación e Orientación Laboral, Coordinadores da FCT, Tutores de Prácticas, etc).

- Os **programas de Orientación Profesional** que teñan como **finalidade**: a *inserción laboral* (proceso terminal), a *inserción académica* (continuación de estudos) e a *aprendizaxe ao longo de toda a vida* así como os sistemas de *alternancia estudo-traballo* e o proceso de *transición á vida activa*.

OBXECTIVOS ACADÉMICOS:

1. Posibilitar estratexias, recursos e información para facilitar o autocoñecemento.
2. Proporcionar información-formación (coñecemento do sistema educativo, produtivo e laboral).
3. Preparar estratexias e procedementos para afrontar o proceso da toma de decisións.

OBXECTIVOS SOCIOLABORAIS:

1. Dotar de competencias e capacidades.
 2. Analizar as posibilidades, valores, destrezas e habilidades dos individuos.
 3. Estudar as alternativas de autoemprego.
 4. Preparar para a adaptación ao posto de traballo.
- A **orientación para o trinomio da aprendizaxe permanente**: *formación, cualificación e emprego*, tal e como nos consta no **Memorándum sobre a aprendizaxe permanente (Consello de Europa. Lisboa, marzo de 2000)**. Unha reflexión sobre a inserción sociolaboral e a orientación e formación profesional nos contextos educativo e laboral, coa integración dos tres subsistemas de formación (regrada, ocupacional e continua) así como o desenvolvemento do sistema integrado de información e orientación profesional, contemplados no citado Plan Galego de Formación Profesional do ano 2001. Calquera idade é boa para acceder ó coñecemento e á formación. A tendencia cara ó futuro pasa por ofrecer novas oportunidades de **aprendizaxe ao longo de toda a vida** ou en sistemas de **alternancia estudo-traballo**, adecuando a formación ao mercado laboral.
 - O cambio de actitude para **responder dunha maneira axeitada ás novas situacións que se nos están presentando** como son a inmigración (multiculturalidade), a igualdade do home/muller, a terceira idade (tempo de lecer, prexubilación-xubilación), as profesións non vocacionais, as novas concepcións da empresa (autoorientación, autocoñecemento, autoemprego, industrias e novos oficios, etc.), entre outras. Ao respecto, cómpre **traballar as capacidades dende tódalas áreas curriculares**: capacidade de traballar en equipo, de adaptación, de saber buscar un emprego, de iniciativa e de resolución de problemas, de aprender por si mesmos e ao longo de toda a vida. Unha educación referenciada na intelixencia emocional, as habilidades sociais, a importancia da cultura do traballo, os dereitos e deberes dos traballadores, o clima laboral (salario económico versus salario emocional), a posición, o prestixio e a responsabilidade na sociedade.

- O verdadeiro reto dos sistemas educativos actuais debería estar dirixido á **capacitación da xuventude e dos adultos** ante os cambios cos que se van enfrontar: as habilidades e destrezas básicas, para a vida e para o traballo, que lles farán falta para ocupar de forma satisfactoria e responsable o lugar que lles corresponda na sociedade á que pertencen. Unha preparación dos profesionais de futuro, para a súa incorporación á vida activa e cunha formación que lles permita conservar e manterse no posto de traballo. A adquisición de **competencias a nivel integral** para poder situarse en boas condicións no mundo produtivo, sacándolle o máximo aproveitamento posible en tódolos eidos: *competencia técnica* en coñecementos ou saberes, *metodolóxica* no saber facer, *competencia participativa* no saber estar e *competencia de personalidade*, sabendo ser.

OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER FINAL

- O **mercado de traballo** pódese concibir como un intercambio de cualificacións por postos de traballo. A súa relación coa **educación** considérase que cambia ao longo da vida, coa tendencia cara ó futuro de ofrecer novas oportunidades de aprendizaxe ou en sistemas de alternancia estudo-traballo. De aí a necesidade de conseguir unha boa cualificación para a oferta, como sinal positivo para a produtividade e medio para acadar maiores niveis salariais ou de satisfacción laboral, entre outros. Desta maneira débense intentar mellorar os aspectos formativos e a **transición** ao emprego das vindeiras xeracións de titulados, aproveitando os recursos dunha forma integral, coa implicación e participación continua dos alumnos/as, a intervención das súas familias, a coordinación entre tódolos servizos participantes e a axustada cooperación dentro do sector produtivo e laboral.
- A xuventude que acceda ao mercado laboral despois da súa etapa formativa, debe desenvolver tanto os seus **coñecementos** como as súas **habilidades** e **comportamentos** determinados. Por iso, cada vez son máis as empresas que piden profesionais que sexan quen de realizar funcións diferentes e variadas, que sexan polivalentes e polifuncionais (eficacia e motivación, adquisición dunha nova cultura do traballo, disposición para a aprendizaxe continua e flexibilidade para adaptarse aos contornos cambiantes, capacidade de traballo, satisfacción polo labor ben feito, mantemento actualizado dos coñecementos, proxectos con horizonte de futuro, identificación cos valores e proxectos da empresa, relacións interpersoais dentro e fóra da mesma ou sexa, capacidade de integración, dispoñibilidade na mobilidade xeográfica e funcional, etc.).
- Necesidade de orientación profesional en relación á **realidade social española dos “milleuristas”**. Xoves que pertencen á xeración máis preparada da historia de España, cunha idade próxima aos 30 anos, universitarios e con formación de posgrao, con coñecementos de idiomas... pero con baixos salarios ou en situación de subemprego ou emprego protexido. Moitos deles danse conta de que os estudos universitarios non lle foron suficientes para conseguir o que pretendían, de aí a súa frustración e falta de motivación. Non teñen acceso á vivenda, non poden formar unha familia estable, non teñen o emprego garantido...
- Dentro da oferta universal de orientación ao longo da vida, necesítanse medidas de atención específica para a aprendizaxe e o traballo dos grupos en **risco de**

exclusión social, para as persoas que non remataron a ensinanza obrigatoria ou para os que abandonaron os estudos sen recibir ningunha cualificación; para as minorías étnicas ou lingüísticas, para os traballadores maiores, para os inmigrantes, para os empregados de sectores economicamente débiles e as empresas que teñan un alto risco de desemprego e para as persoas con algún tipo de discapacidade. O desenvolvemento destas **políticas** teñen como obxectivo, **favorecer a igualdade de oportunidades para o emprego** dos citados colectivos así como a potenciación da súa integración socioeconómica.

- Nos últimos anos, a revolución nas tecnoloxías da información, as comunicacións, a globalización e a deslocalización, están dando lugar a **novos contornos**, alterando as regras de xogo de tal maneira que este fenómeno aseméllasenos estar influíndo determinadamente nas estratexias empresariais.
- Dentro do capítulo 3, titulado *Responder ás necesidades de orientación profesional dos xoves* (OCDE, 2004, p. 39), analízanse os principais problemas que se presentan para as políticas públicas nesta materia. Coincidimos coa opinión exposta neste capítulo, donde se nos di que a **orientación profesional** pode estar moi alonxada das realidades do mercado de traballo cando se encargan dela os propios centros educativos xa que, neste caso, céntranse demasiado en decisións a curto prazo, preocupándose unicamente polas opcións educativas e profesionais inmediatas, relacionadas sobre todo coas actividades de información. Cando este ámbito do plan de orientación se combina coa orientación psicopedagóxica (plan de acción tutorial e plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe), a prioridade que se lle concede é sempre mínima, polo que consideramos que se debería adoptar un enfoque máis amplo, dirixido a desenvolver a capacidade das persoas para xestionar o seu futuro ou traxectoria profesional dun xeito máis eficaz e autónomo.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ HERNÁNDEZ, J. (2002) *Orientación Profesional. Tránsito a la vida activa*. Granada, Grupo Editorial Universitario.

ARZA, N. (2000) A orientación profesional para a transición escola-traballo no ensino secundario. *Revista Galega do Ensino*, 26, 183-202.

GARCÍA VIDAL, J. e Outros (1995) *Formación y orientación laboral. Técnicas de búsqueda activa de empleo e iniciativa empresarial*. Madrid, EOS.

GIBSON, R. (2000) *Preparando el futuro*. Barcelona, Gestión 2000.

Informe da OCDE sobre orientación profesional, 2001-2002:

Richard Sweet e-mail: richard.sweet@oecd.org

Tony Watts e-mail: anthony.watts@oecd.org

Informe da OCDE. *Orientación Profesional y políticas públicas. Cómo acortar distancias*. Ministerio de Educación e Ciencia / OCDE, 2004.

- LEVY-LEBOYER, C. (1996) *Gestión de las competencias*. Barcelona, Edicións Gestión 2000.
- LÓPEZ-ARANGUREN, L. (2002) *Las empresas de inserción en España: un marco de aprendizaje para la inserción laboral*. Madrid, Consejo Económico y Social.
- Memorándum sobre el Aprendizaje Permanente*. Documento de Trabajo dos Servizos da Comisión Europea. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, 2001.
- Plan Galego de Formación Profesional*. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2001.
- Plan de Orientación Profesional. Guía de recursos* (CD Sistema de asesoramento para a orientación profesional ORIPRO e Vídeo da entrevista profesional). Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, 2002.
- RAPOSEIRAS CORREA, J. (2003) El reto de la nueva sociedad del conocimiento. Nuevas perspectivas de la orientación profesional. *Escuela Española*, 3.574, 356.
- As perspectivas do mercado laboral a través da formación profesional regrada. *Revista Galega do Ensino*, 45, 120-140.
- ROMERO RODRÍGUEZ, S. (2000) *De gira hacia el trabajo*. Málaga, Aljibe.
- SOBRADO FERNÁNDEZ, L. (2000) *Orientación Profesional: diagnóstico e inserción sociolaboral*. Barcelona, Estel.
- VALLÉS, A. e outros (2000) *Formación y Orientación Laboral. Transición a la vida activa*. Madrid, EOS.
-